

Área: Competicións

Circular nº 01 - Temp. 23/24

DATAS INSCRICIÓN EQUIPOS TEMPADA 23/24

Infórmase a todos os clubs que dende o **1 ao 10 de xullo de 2023** estará aberto o prazo de inscrición das seguintes categorías de cara á participación nas seguintes competicións da tempada 2023/24:

- **1ª AUTONÓMICA MASCULINA (12 equipos).**

Na categoría 1ª Autonómica Masculina so poderán inscribirse os equipos con dereitos deportivos adquiridos na tempada 22/23, que son os seguintes:

1. U.B. Lavadores Vigo
2. SAR Plastic Omnium
3. Magope - Seis do Nadal
4. Calmear Rasoeiro Bm
5. Hospital Capilar Poio Artai
6. Dispesan Cafe Pontedeume
7. Luceros B
8. Valinox Novás
9. Granitos Ibéricos Carballal Balonmano
10. Balonmán Chapela 1
11. Mecalia Atlético Guardés
12. Balonmán Lóriga.

- **1ª AUTONÓMICA FEMININA (10 equipos).**

Na categoría 1ª Autonómica Feminina so poderán inscribirse os equipos con dereitos deportivos adquiridos na tempada 22/23, que son os seguintes:

1. U.B. Lavadores
2. Calvo Xiria
3. Balonmano Reconquista de Vigo
4. Bm. SD. Samertolameu
5. Tapería Dos Chata Bm. Cangas

6. De Pueblo Carnicería Bm. Pabellón
7. Bm. Chapela
8. Coreti Lalín
9. A.D. Carballal Balonman
10. Mantido SL Constr. Bm. Xallas.

- **2ª AUTONÓMICA MASCULINA**

Na categoría 2ª Autonómica Masculina poderán inscribirse todos os equipos que non teñan dereitos adquiridos na categoría de 1ª Autonómica Masculina, tendo en conta que si se supera o número establecido en bases de competición (aprobadas na Asemblea Ordinaria), neste caso igual ou maior de 18 equipos, crearíase a competición de 3ª Autonómica Masculina; neste caso, informaríamos aos equipos implicados para que volvan a realizar a inscrición na categoría correspondente.

- **2ª AUTONÓMICA FEMININA**

Na categoría 2ª Autonómica Feminina poderán inscribirse todos os equipos que non teñan dereitos adquiridos na tempada 22/23 para a categoría de 1ª Autonómica Feminina.

- **XUVENIL, CADETE E INFANTIL (MASCULINAS E FEMININAS)**

Deberán realizar a inscrición entre o 1 e o 10 de xullo de 2023 os equipos que desexen participar nas seguintes competicións:

- Fase de Clasificación e Play Off. Deben inscribirse todos os equipos interesados en xogar en Liga Ouro na tempada 23/24.
- Pretempada Prata. Deben inscribirse todos aqueles equipos que teñen claro que **non** queren xogar en Liga Ouro na tempada 23/24 pero queren participar nunha competición con anterioridade ao inicio da competición regular que dará comezo:
 - 8 de outubro de 2023 en categoría Xuvenil.
 - 15 de outubro de 2023 en categoría Cadete.
 - 15 de outubro de 2023 en categoría Infantil.
- Liga Prata. Deben inscribirse todos aqueles equipos que teñen claro que **non** queren xogar en Liga Ouro na tempada 23/24. De querer xogar unha competición previa con anterioridade ás datas citadas no anterior punto, deberán anotarse tamén na competición: “Pretempada Prata”.

- *A data de inscrición das competicións de Liga Ouro nas diferentes categorías abrirase unha vez celebrados os Play Off de cada unha das categorías.

ALEVÍN MIXTO 7, ALEVÍN MIXTO 5, BENXAMÍN MIXTO E PREBENXAMÍN.

Deberán inscribirse todos os equipos interesados en participar en cada categoría na tempada 23-24. Esta inscrición volverá a abrirse en setembro, para todos eses clubs que aumentaron o número de deportistas nestas categorías froito da promoción nas escolas; pero a idea é ter unha orientación do número de equipos co que nos podemos atopar para ir traballando sobre as diferentes propostas e planificar as reunións de competicións.



En Vigo, a 30 de xuño de 2023